



Valse

Na beira, na beira,
na beira do mar,
hai unha barquiña
pra ir a naveghar.
Na beira, na beira,
na beira do mar.

- Éche así.
- E agora tocas o mesmo, como se fora pasodoble.
- Non, non.
- E cómo era o pasodoble?
- Pero o pasodoble na pandeireta non che...
- Non hai?
- Non. Na pandeireta non hai. Non.

Fun á fonte a buscar augha
sin ter ghana de beber-e,
/: fun por ve-los meus amores
tiña ghanas de os ver-e :/

Maruxiña vai na fonte
moito tarda que non ven-he
ou rumpín a cazarola
i-ou moita parranda ten-he.

As nenas de Receghulfe
son unhas fervellateiras
collen as berzas na i-horta,
botanas no pote enteiras.

Heiche da-la despedida
na tuniña dunha creixa.
Non m' eu hei despedir-e
s' o corazón non me deixa.

Eu subín por túas pernas,
túas pernas car'a arriba,
non t' apures, Maruxiña,
que eu che estaba xa perdido.



Deixame que vou de presa,
rosas verdes vou coller-e,
pa lle dar ó meu marido
que non me quere comer-e.

Heiche de dar viño tinto,
sopas de pan barolento,
ti connigho non fas nada
i-outros perderon o tempo.

Eí veñen os de Rodís-e
a mailos de San Vincenzo
veñen as mozas á Vila
e veñen perder o tempo.

Tengo el corazón herido,
por todas partes me duele,
está muy lejos de aquí-e
quién me curármelo puede.

De Buenos Aires me veu-e
unha camisa moi feita,
un caravel encarnado
na fita da manga dreita.

Heiche de da-o boi louro
e maila vaca marela
e maila filla máis nova
se non quérela máis vella.

Miña soghra a mala túa
van xuntas na romaría
a miña levouma Dios-e
i-a túa Santa María.

Miña soghra non me quixo
porque non tiña lughar-e
agora casou o fillo
moito lle debiu pesar-e.

Miña soghra a mala túa
puxéronse as dúas xuntas,
unha pa lava-la roupa
i outra pa lava-las cuncas.



Xa me cagho no alcalde
a máis no procurador-e
a máis na outra familia
por non ser algo millor-e.

El señor cura no baila
porque tiene la corona
baile, señor cura, baile
que Dios todo le perdona.

Fun ó muíño debaixo,
dei a volta i-ó de riba
o debaixo ten ferrollo
o de riba carabilla.

Unha nena nunha fonte
por unha verza bebía,
a verza estaba rumpida
toda i-augha lle vertía.

- E da jota.
- Ese tono que acabas de cantar é da jota?
- Sí, e o outro é da muiñeira.